



VALORACIÓN DE AER SOBRE O PLENO ORDINARIO DE SETEMBRO

En primeiro lugar, queremos celebrar que saísen adiante varias das nosas propostas encamiñadas a acadar máis **transparencia** e **participación** no funcionamento do Concello, neste caso, propostas sobre a contratación de persoal. A elaboración das bases de contratación do persoal do Concello será competencia dunha comisión informativa específica, na que estarán representados todos os grupos da corporación, cando esa elaboración era competencia exclusiva do equipo de goberno. Haberá moita máis **transparencia** na oferta de emprego público dende o inicio dos procesos, e as bases serán elaboradas coa **participación** de todos os grupos. Agradecemos o esforzo do PSOE e sobre todo do PP pra acadar este avance democrático.

Tamén celebramos que saíse adiante a nosa moción para a **sostenibilidade da Enseada de San Simón**, cos votos favorables de BNG e PSOE. O Concello instará á Xunta para que cumpra a legalidade, para que declare a Enseada de San Simón como Zona de Especial Conservación e que elabore un Plan de Conservación específico da enseada, plan que deberá axudar a recuperala medioambientalmente, mellorar o estado das depuradoras, eliminar os verquidos, non permitir máis recheos, protexer o patrimonio histórico-cultural, asegurar un turismo sostible e asegurar unha pesca e marisqueo tradicionais sostibles.

Levamos a este pleno as reivindicacións de veciños afectados polo tren de **Chapela** e acadouse unanimidade para rectificar a petición a ADIF dun paso subterráneo, lográndose o acordo de que todos os grupos nos poñamos a traballar xa na viabilidade dun paso elevado en condicións, consensuado cos veciños de Chapela. Acordouse tamén facer un informe dos terreos de ADIF en Chapela para pedir a súa transferencia ao Concello ou a pertinente limpeza dos mesmos.

En canto a outras reivindicacións históricas de **Chapela**, como son unha oficina municipal e a presenza da policía local, foron levadas por AER ao pleno en forma de preguntas, contestando o PP que van ampliar os contratos dos policías en prácticas para que poidan estar máis tempo en Chapela e que están traballando para abrir canto antes as oficinas. Mentres, din que na páxina do Concello xa se pode facer algún trámite. Respecto ao problema do mal estado do Camiño do Penisal e anexos, o PP respondeunos que a vindeira semana terá solución por parte da Deputación.

Fixemos tamén unha pregunta ao alcalde sobre o patio cuberto que reclaman no colexio Santa Mariña, respostando que xa pediron reunións coa Consellería de Educación.

Os nosos rogos coincidiron cos do PSOE, rogando ambos ao Concello que inste á Deputación e a Fomento que se mellore a seguridade viaria na estrada que sube de Cesantes ao **Viso**, mediante a construción de beirarrúas; e mellore a seguridade viaria no entorno do **Colexio de Cesantes**, instalando pasos de peóns e un paso elevado.

En último lugar, queremos lamentar que os partidos maioritarios convertan o Pleno do Concello de Redondela nun “circo” preelectoral ou nun escenario de mocións e acusacións partidistas, en vez de falar máis dos asuntos que competen a Redondela. Entendemos e compartimos que se debata de asuntos que nos afectan a todos e que son competencia do Parlamento Galego ou do Parlamento Español, pero en ningún caso o tempo que adiquemos a debater sobre eses asuntos pode ser superior ao que adicamos a falar sobre os problemas específicos de Redondela. Non pode ser que a maioría do tempo se perda en acusacións de “ti peor” ou “ti máis”, ou se a culpa é da Xunta de Feijoo, do goberno de Zapatero ou da corporación anterior. Ademais pensamos que o señor alcalde debe facer **cumprir estrictamente os tempos nos turnos de palabra** nese tipo de intervencións, pra que os plenos non se eternicen en debates estériles, e que non resulte despois que unha moción sobre as lápidas en Redondela non se poida tratar por falla de tempo.

Redondela, o 30 de setembro de 2011.

A.E.R.